

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE NOVEMBRO DE 2020

Ás 11:05 horas do día 4 de novembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de outubro (orde do día ampliado o 4 de novembro), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Óscar Couce Senra, vogal xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2, 4 e 11)
D. Rubén Peña Barceló, vogal xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 9a, 9c, 10a e 10c)
D^a. Carla Candia Paz, vogal xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste aos puntos 9b e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. DRAGADOS S.A.
 4. ORECO, S.A.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
6. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
7. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Remodelación do contorno da rúa Baixada á Estación" (668-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa "Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo" (19.710-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 27 de outubro de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión de Desenvolvemento local e Emprego e a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 29 de outubro de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 30 de outubro de 2020 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante fórmula*”, así como o informe rectificativo do anterior de data 4 de novembro.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 4 de novembro de 2020 e acorda excluír deste procedemento a GYMNOSPORT GYMNOVA, S.L. por non achegar todas as fichas técnicas esixidas no apartado 6B do prego de cláusulas administrativas particulares e non cumprir cos requirimentos do prego de prescricións técnicas particulares (cláusula II “196 Placas de espuma en forma de puzle de 5 cm. de espesor (mínimo e que cumpra coa norma FIG)”), motivos de exclusión previstos, respectivamente, no apartado 6B citado e na cláusula 14.

10.- Clasificación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.	80,00
2	TEAM RELAY, S.L.	75,13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación que deseguido se relaciona, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8.5 e 22.1.4º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 e no apartado 9B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) na seguinte orde descendente:

- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00
2	ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMPCOR)	40,93

- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

- Lote III: CARRETELLERO

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes deste procedemento, FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo II.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dunha pista acrobática -chan de execución de exercicios libres- de competición para instalación deportiva dependente do Servizo de Deportes (3.212-611) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTEBAN SPORTING GOOD & EQUIPMENTS, S.L. (B-65.720.229), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Cando proceda, o compromiso da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "NOVA GRADA DE MARCADOR DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS" redactado por equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (16.650.000 euros) e data decembro de 2019.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 06.07.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "DEZASEIS MILLÓNS SEISCENTOS CINCUENTA MIL EUROS" (16.650.000 euros) sendo o importe correspondente ao IVE de 2.889.669,42 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 9330.632.00.10 "INVESTIMENTOS MELLORA E. M.BALAIÓDOS".

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020: 5.880.000,00 euros
2021: 7.225.000,00 euros
2022: 3.545.000,00 euros

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 122,87% e para a terceira anualidade nun 60,29%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 26 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓNS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado o 20 de outubro de 2020 pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	80,50
2	UTE ORECO, S.A.U. - ORTIZ CONTRUCCIONES Y PROYECTO, S.A.	76,60
3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	73,64
4	UTE FCC CONSTRUCCIÓN, S.A. - PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	23,80
5	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	22,99
6	FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.	19,25

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (A-32.015.844), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 27 de outubro de 2020 que presenta a documentación requirida o 3 de novembro, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 6 e 21 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión da UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓNS, S.A. - CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., mediante resolución da concelleira delegada de Contratación de data 26 de outubro de 2020, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificadas consonte ao informe asinado o 20 de outubro de 2020 pola enxeñeira industrial municipal, o enxeñeiro de Camiños Canles e Portos municipal-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2024 21:42	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A445-C5B53C-2FA627-65JXUY-4XQPKS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA (CIF(A-32.015.844) o procedemento aberto das obras do proxecto de "Nova grada de Marcador do Estadio municipal de Balaídos" (493-441) por un prezo total de 15.467.430,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.684.430,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

